III CARREIRA POPULAR CURTIS-5K / CAMPIONATO DE GALICIA DE 5 KM EM RUTA
CONCELLO DE CURTIS

O Concello de Curtis, a través da súa Concellería de Deportes organiza o **sábado 2 de xullo de 2016** a partir das 18:30 horas, a **III edición da Carreira Popular Curtis-5K** que na súa proba absoluta será á súa vez **Campionato de Galicia de 5 km en ruta.**

A proba absoluta disputarase sobre unha distancia de **5 km homologados pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA)**. As probas levaranse a cabo na localidade de Curtis (A Coruña) e estarán baixo o control técnico da **Federación Galega de Atletismo (Delegación de Santiago)** . As probas estarán suxeitas o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha sola clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega e Atletismo.

2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION

Para a **Carreira Popular Curtis-5K** as categorías de competición serán as seguintes:

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO
PITUFO	Atletas nados no 2012 e posteriores*
PREBENXAMÍN	Atletas nados no 2009 e 2010 e 2011*
BENXAMIN	atletas nados no 2007 e 2008
ALEVIN	atletas nados no 2005 e 2006
INFANTIL	atletas nados no 2003 e 2004
CADETE	atletas nados no 2001 e 2002
XUVENIL	atletas nados no 1999 e 2000
JUNIOR	atletas nados no 1997 e 1998
PROMESA	atletas nados no 1994, 1995 e 1996
SENIOR	atletas nados entre 1982 e 1993
VETERANOS A	atletas nados entre 1971 e 1981
VETERANOS B	atletas nados entre 1961 e 1970
VETERANOS C	atletas nados en 1960 e anteriores
VETERANAS A	atletas nadas entre 1971 e 1981
VETERANAS B	atletas nadas en 1970 e anteriores

*** As categorías Pitufo e Prebenxamín non son categorías federadas**

3. DISTANCIAS E HORARIOS

O percorrido da proba absoluta estará homologado pola Real Federación Española de Atletismo e as marcas entrarán a formar parte do ranking galego na distancia de **5 km en ruta**.

A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ UBICADA NA RÚA MESTRE EDUARDO FARIÑA (diante do polideportivo de Curtis).

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
18:30 h	Pitufo	300 m aprox
18:40 h	Prebenxamín	500 m aprox
18:50 h	Benxamín e alevín	1000 m aprox
19:00 h	Infantil e cadete	2500 m aprox
19:30 h	Xuvenil, Junior, Promesa, Senior e Veteranos CAMPIONATO DE GALICIA DE 5 KM	5 km homologados pola RFEA
20:20 h	ENTREGA DE PREMIOS	

4. INSCRICIONS

Os participantes na proba absoluta e nas probas escolares da **III Carreira Popular Curtis-5K**, **Concello de Curtis** deberán realizar a súa inscrición na páxina web **www.carreirasgalegas.com**. Información nas webs **www.fgatletismo.es/santiago** e **www.fgatletismo.es**, con data límite o **mércores 29 de xuño ás 22:00 horas**.

PREZOS DA INSCRICION

- **CATEGORIAS ESCOLARES (ata cadete incluido):** **GRATUITA**
- **PROBA ABSOLUTA (de xuvenil en adiante):** **5,00 €**

O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina ***www.carreirasgalegas.com***.

As inscricións do **Campionato de Galicia de 5 km en ruta** faranse a través da web **https://isis.rfea.es/sirfea2/** con prazo limite o **mércores 29 de xuño ás 22:00 horas**, sendo a inscrición gratuita. Todos aqueles atletas que participen no Campionato Galego 5Km en ruta que non abonen o importe da Carreira Popular (5 euros) non optarán ós premios da mesma. Deberán inscribirse nas dúas.

5. PREMIOS e AGASALLOS

Na **III edición da Carreira Popular Curtis-5K** outorgaránse os seguintes premios:

PARTICIPANTES NA CARREIRA POPULAR

- Trofeo aos tres primeiros/as clasificados/as de cada categoría establecida no regulamento da Proba, agás nas categorías pitufo e prebenxamín que se darán medallas a todos/as os/as participantes.
- Trofeo o/a primeiro/a clasificado/a local da carreira absoluta.
- Trofeo ós/ás tres primeiros/as clasificados/as da proba absoluta

- Agasallo conmemorativo para todos/as os/as participantes.

OS TROFEOS NON SERÁN ACUMULATIVOS

PARTICIPANTES NO CAMPIONATO DE GALICIA DE 5 KM EN RUTA

- Medallas para os/as atletas participantes no Campionato de Galicia de 5 km en ruta, serán as referidas na circular do campionato que poderase consultar a través da páxina web www.atletismogalego.org .

6. RETIRADA DE DORSAIS

Realizarase o día da proba no polideportivo de Curtis, a carón da saída das probas ata media hora antes do inicio de cada proba.O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na zona anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descualificado.

7. DESCUALIFICACIONS

Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos **FGA** e **RFEA** en vigor referentes a probas en ruta, será descualificado a criterio do Xuiz Árbitro da Competición. **TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUÍZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN** con prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descualificar a calquer participante que incumpra as ditas normas de competición ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

8. Haberá servicio de duchas a disposición dos atletas no polideportivo e ximnasio municipal de Curtis.

9. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.

10. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

MAIS INFORMACION
www.curtis.es
www.carreirasgalegas.com
www.fgatletismo.es
www.fgatletismo.es/santiago

Concello de Curtis (Concellería de Deportes)
Plaza de España, 1 Teixeiro A Coruña 15310
Teléfono: 981 789 003
Fax: 981 789 578
email: concellodecurtis@hotmail.com

Google Maps Pitufo

PITUFOS



Datos cartográficos ©2016 Google,Inst. Geogr. Nacional 50 m

Medir distancia
Distancia total: 170,29 m (558,69 pés)

Google Maps Prebenxamín 500m

PREBENXAMÍNS



Medir distancia
Área total: 4.705,93 m² (50.654,25 ft²)
Distancia total: 521,24 m (1.710,09 pés)

BENXAMÍN - ALEVÍN

Google Maps Benxamín e Alevín: 1000m aprox.



Datos cartográficos ©2016 Google,Inst. Geogr. Nacional 100 m

Medir distancia
Área total: 52.569,81 m² (565.856,69 ft²)
Distancia total: 990,72 m (3.250,38 pés)

Google Maps Infantil y Cadete 2500m

INFANTIL E CADETE

Datos cartográficos ©2016 Google,Inst. Geogr. Nacional 200 m

Medir distancia
Área total: 97.312,67 m² (1.047.464,82 ft²)
Distancia total: 2,57 km (1,60 millas)